

Bloque 2. Tema 23.

O franquismo: características e institucionalización

O resultado da Guerra Civil foi a consolidación do réxime ditatorial que os sublevados contra a República comezaran a construír na denominada “España nacional” dende outubro de 1936, cando o xeneral Francisco Franco fíxose foi proclamado Xeneralísimo dos exércitos e Xefe do Estado. Nos seus case 40 anos de existencia, o **franquismo** mantívose, aínda que con certos cambios, como unha **férrea ditadura militar, moi conservadora, que practicou unha dura represión contra** os seus opositores, limitando os dereitos e liberdades cidadás.

A vitoria dos sublevados na Guerra Civil significou a liquidación da experiencia democrática republicana e a instauración dun réxime ditatorial baseado nos chamados “**ideais do 18 de xullo**” (data na que se conmemoraba o golpe ou “Alzamiento Nacional”):

- **Un Estado forte e centralizado** que garantise a **unidade de España** e unha **orde social e moral baseada na doutrina da igrexa e no ideario de Falange Española** (o nacional-sindicalismo e o corporativismo). Polo tanto, este Estado basearíase na familia tradicional (coa submisión da muller) o catolicismo, a propiedade privada, o centralismo e a orde.
- **A concentración do poder en mans do xeneral Franco:** o Caudillo reuniu na súa persoa a xefatura do Estado, do Goberno, das Forzas Armadas, do partido único e o poder lexislativo, sendo exaltada a súa figura ao estilo fascista. Deste poder ilimitado que concentraba nas súas mans e dos seus actos só debería responder, segundo o propio Franco, “ante Deus e ante a Historia”.
- **A defensa da proclamada verdadeira tradición española, asociada ao mitificado esplendor da España imperial** dos séculos XVI e XVII, contra a influencia estranxeira do liberalismo, a masonería, o socialismo ou o comunismo.

Basicamente, a de Franco foi unha ditadura militar de carácter moi conservador e católico, o chamado “**nacional-catolicismo**”, que malia ao seu carácter represivo e a existencia de forte oposición, gozou tamén dun notable apoio social en España.

O exército e a Igrexa católica foron columnas vertebrais do franquismo, aínda que compartían poder con **outras familias políticas do réxime, como eran os falanxistas, os monárquicos, os carlistas ou os tecnócratas do Opus Dei.**

O franquismo **impulsou o control social e ideolóxico** a través da educación e tamén pola aplicación da censura de prensa, cine e cultura. Tamén utilizou os medios de comunicación para exaltar a figura do Caudillo e convencer aos españois dos logros e beneficios do réxime. A **Fronte de Xuventudes e a Sección Feminina axudaban a adoutrinar a poboación**.

En canto á política exterior, o réxime de Franco caracterizouse por unha **extraordinaria capacidade de adaptación ao contexto internacional**. Ao comezo da Segunda Guerra Mundial, mentres as forzas do Eixe tiveron éxitos militares, o réxime amosábase identificado cos valores fascistas e, desde unha postura de non belixerancia, enviou apoio á Alemaña hitleriana con materias primas e a División Azul. A partir de 1942, cando comeza a mudar o signo da guerra, España volve á neutralidade, eliminando o entusiasmo fascista. Esa suavización das formas fascistas non impediu á ONU emitir unha declaración de illamento internacional á ditadura de Franco por tela identificada co fascismo. A chegada da Guerra Fría abriulle ao franquismo a posibilidade de presentarse ante os Estados Unidos como o primeiro réxime que derrotou a ameaza de revolución comunista en Occidente. A partir de aí o réxime recibe o recoñecemento de Estados Unidos e do Vaticano, o que lle permitirá saír do illamento internacional e iniciar unha nova fase, aínda que sen renunciar ao seu autoritarismo.

En calquera caso, a ditadura só se xustificaba a se mesma pola vitoria obtida na Guerra Civil, polo que para poder perpetuarse debía lexitimarse a base de construír un **entramado pseudoconstitucional**. Isto fíxose a base dunha serie de **leis fundamentais** que responderon ás necesidades políticas de cada momento e que definiron o réxime como unha **“democracia orgánica”** fronte á democracia parlamentaria:

- **Foro do traballo (1938)**: regulamentaba o mundo laboral, complementado pola lei de Unión Sindical de 1940, que creaba o **sindicato vertical**, ao que se terían que afiliarse todos os traballadores, organizados en corporacións. Había tres áreas de afiliación: mundo campesiño, o mundo do mar e o industrial, que daba como resultado a **Organización Sindical del Movimiento**. O Foro do Traballo imitaba a “Carta di Lavoro” italiana e regulaba o traballo nocturno, o descanso dominical, festivos e contemplaba subsidios de velez, invalidez, enfermidade e maternidade.
- **Lei de Cortes (1942)**: creaba as novas Cortes orgánicas con función deliberante e consultiva. Non había división de poderes, polo que esta cámara só serviu para reunir en Cortes ás estruturas de apoio ao réxime. Os seus membros denominábanse **procuradores**.

Eran membros destas Cortes os ministros, os representantes dos Sindicatos Nacionais, os conselleiros da Falange, os alcaldes das capitais de provincias, os rectores das Universidades e aqueles nomeados directamente por Franco.

- **Foro dos Españois (1945)**: táboa de dereitos e deberes a modo de Carta Outorgada. No artigo 2 dise que “Os españois deben fiel servizo á patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis”. É dicir, subordinación a Franco e aos principios fundamentais do réxime.
- **Lei de Referendo (1945)**: Daba participación á opinión pública para sancionar as leis fundamentais que decidía o Xefe de Estado. No tempo da ditadura celebráronse dous referendos nos que poderían participar os homes e mulleres maiores de 21 anos: para aprobar a Lei de Sucesión e para aprobar a Lei Orgánica do Estado.
- **Lei de Sucesión (1947)**: España quedaba definida como un reino; Franco era ratificado como Xefe do Estado. Realmente o franquismo non restaura a monarquía, senón que instaura unha nova monarquía deseñada dende a fidelidade aos principios do Movimiento Nacional. Franco tómase a liberdade de elixir ao seu sucesor, que desde 1969 será Juan Carlos de Borbón, en detrimento do seu pai Juan de Borbón, que non tiña boas relacións con Franco, precisamente polo carácter que debería ter a futura monarquía.
- **Lei de principios do Movemento (1958)**: establecía os principios inmutables e permanentes do réxime: **unidade de España**, centralismo, condición de **reino católico**, sometemento dos individuos ao Estado e intervencionismo deste nas relacións económicas e sociais. Fixaba as **unidades naturais na vida social: familia, municipio e sindicato**. A única formación política legal sería o Movimiento Nacional, as demais serían perseguidas.
- **Lei orgánica do Estado (1967)**: compendio definitivo da “**democracia orgánica**”, síntese e actualización das anteriores normas, que en realidade eran un intento publicitario do réxime de dar unha imaxe de democracia ante o exterior. Unha novidade é a elección de dous procuradores por provincia a Cortes polos cabezas de familia. Tamén se establece o control do Movimiento Nacional e do Sindicato Vertical sobre vida municipal na elección dos alcaldes e concelleiros.

Unicamente a morte co ditador, en novembro do 1975, abriría o camiño cara a democracia, A **Lei para a Reforma Política (1977)** sería a última lei fundamental do sistema político franquista, e que paradoxicamente significaba a fin do réxime.